



CONCELLO DE O BARCO DE VALDEORRAS  
P3201000A  
PRAZA DO CONCELLO 1  
32300 O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE)

## **ANUNCIO DE LICITACIÓN PARA CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REHABILITACIÓN E MELLORA DO NÚCLEO RURAL DE O CASTRO E O SEU ENTORNO (PEP-1) DE O BARCO DE VALDEORRAS**

- 1º.-Entidade adxudicataria: Concello de O Barco de Valdeorras
- 2º.-Obxecto do contrato: Elaboración do plan especial de protección, rehabilitación e mellora do núcleo rural de O Castro e o seu entorno (PEP-1) de O Barco de Valdeorras
- 3º.- Duración: 24 meses (nos termos recollidos nos Pregos de Prescricións Técnicas)
- 4º.-Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: Ordinaria, aberto, varios criterios de adxudicación
- 5º.-Tipo de licitación: 112.000 euros, IVE incluído. Será obxecto de revisión de prezos conforme á formula prevista nos Pregos.
- 6º.-Criterios de adxudicación: Tal e como se recollen nos Pregos, son os 4 seguintes: Prezo de adxudicación, Memoria metodolóxica de prestación da asistencia, Recursos humanos, Experiencia en traballos de características similares
- 7º.-Garantías: Provisional: Non se esixe, Definitiva: 5% do importe da adxudicación IVE excluído.
- 8º.-Obtención de documentación e información, e lugar de presentación de documentación: Rexistro Xeral do Concello de O Barco de Valdeorras, Praza do Concello s/n, O Barco de Valdeorras-32300, Teléfono: 988320202, Telefax: 988325978, web: [www.concellodobarco.org](http://www.concellodobarco.org) .
- 9º.- Requisitos específicos do contratista: Non se esixe clasificación.
- 10º.- Presentación das ofertas: Ata o 15 día natural seguinte ó de publicación deste anuncio no BOP, caso de ser domingo ou festivo: ata o seguinte día hábil. Documentación a presentar: Dous sobres pechados: Sobre A: Documentación xeral. Se presentará conforme ós Pregos, Sobre B: Oferta. Se presentará segundo dispoñen os Pregos
- 11º.-Apertura de ofertas: No Concello, e en acto público, se procederá á apertura dos sobres B (ofertas), no día anunciado previamente polo Concello cunha antelación de cando menos 48 horas, mediante a publicación dun anuncio no Taboleiro de Edictos e comunicación vía fax ó número e persoa indicada polo empresario.
- 12º.-Gastos do expediente: Por conta do adxudicatario. Prevense como tales os relativos á publicación de anuncios: Por publicación no BOP, estímense 100 euros; e por publicación nun diario de difusión rexional, estímense 600 euros. Non obstante, a súa determinación definitiva se producirá tras remisión das facturas correspondentes.

O Barco de Valdeorras, 11 de setembro de 2008

O ALCALDE

Ado.: Alfredo García Rodríguez